



## CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

### III CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2020

As bases polas que se rexerá o Concurso de postais de Nadal con mensaxe son:

#### **Primeira**

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

#### **Segunda**

Establécense dúas categorías:

- De 3 a 7 anos
- De 8 a 12 anos

#### **Terceira**

A participación deberá ser individual, de maneira que non se aceptarán postais de grupo ou colectivas. Valoraranse a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal, así como a lingua e o contido da mensaxe.

#### **Cuarta**

As postais terán seguintes dimensións: entre 21x15, e máximo A4 (folio), presentadas en cartolina. Poden entregarse na técnica que cada un considere oportuna, pero deberán incluír unha mensaxe de felicitación de Nadal en lingua galega.

#### **Quinta**

Aceptaranse como máximo dúas postais por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres postais por cada categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta.

#### **Sexta**

As persoas concursantes presentarán as súas postais, xunto con un formulario de entrega, do 18 ao 30 de novembro, nas Oficinas Municipais do Concello de Irixoa de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, ou por correo ordinario dirixido a Concello de Irixoa, Pazo de Irixoa, 6ª, 15313 Irixoa.

Na parte posterior figurará o título da obra e os datos do autor. Debe indicarse datos persoais: nome e apelidos, idade, teléfono de contacto e correo-electrónico si o tiver.



## CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

### **Sétima**

Entre todos os participantes, elixirase un primeiro premio por cada categoría

O gañador de cada unha das tres categorías, recibirá un diploma acreditativo e un agasallo:

1ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

2ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

O día 2 de decembro o xurado dará a coñecer o/a gañador/a de cada categoría.

### **Oitava**

Avísarase aos gañadores ou gañadoras do día de entrega dos premios, debendo acurdir á recollida o/a neno/a gañador/a xunto con un proxenitor.

### **Novena**

Coa aceptación do premio, o/a gañador/a consinte na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso ao Concello de Irixoa. As dúas postais gañadoras serán as que usarán para realizar a postal de Felicitación de Nadal que cada ano entrega o concello á veciñanza.

### **Décima**

Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou comunicándose os mesmos a terceiros. As persoas participantes dan o seu consentimento para que o Concello de Irixoa poida usar as postais presentadas para a súa publicación ou uso con fin publicitarios.

### **Undécima**

O xurado estará composto por:

Presidente: Antonio Deibe Sanmartín, alcalde de Irixoa

Secretaria: Maria Elisa Alonso Figueroa, animadora sociocultural do Concello de Irixoa.

Vogal: Ana Pampín Vieiro, técnica de Deportes do Concello de Irixoa

Vogal: Juan Manuel Freire Golpe, concelleiro de Cultura e Educación

### **Duodécima**

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.